

**COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE**

**Texto**

Todas las crónicas periodísticas con motivo de su 75º aniversario han hablado de los méritos del rey Juan Carlos en pasado. Es como si desde la transición y el 23-F la productividad y la eficacia que tanto nos reclama Europa no fueran con nuestro empleado público más notable (...). Imagino que ser rey no es fácil. Y que cuesta encontrar legitimidades cuando a uno lo pone un dictador y además no se somete a la democracia. Por tanto, me atrevo a decir que el mérito de Juan Carlos hasta anteaer ha sido inmenso. Su campechanía conectó durante muchos años con un país que, escondiéndose de monárquico, se ha sentido mayoritariamente cómodo siendo juancarlista. El Rey ha sido un buen diplomático para España, pero uno tiene la impresión de que no ha trabajado lo suficiente para cohesionar España.

No vale que ahora, después de elefantos y urdangarines, salga en el publlirreportaje de La 1 y se permita decir que falta vertebración del Estado, cuando durante años ha hecho más bien poco para querer entender y hacer respetar la realidad del Estado. ¿Por qué no se hizo propias todas las lenguas del Estado desde el primer momento y no fomentó que todo el país las viviera como una riqueza de todos? ¿Por qué no se ha hecho entender a toda la población española que desde los griegos el corredor mediterráneo es una fuente de riqueza y comercio a la que no debemos renunciar como país? ¿Por qué no se han instalado grandes instituciones del Estado como el Senado en Barcelona para vertebrar precisamente más el país e incluso pensar en una bicapitalidad? ¿Por qué se ha dejado que existiesen balanzas fiscales tan desequilibradas para algunos territorios -como Baleares, Madrid o Catalunya- con respecto al resto? ¿Por qué no se ha denunciado el discurso torticero y tramposo con algunas partes del Estado que desde algunos altavoces mediáticos instalados en Madrid se ha hecho sistemáticamente?

Alguien dirá que el Rey solo entra en el discurso político cuando el Gobierno le autoriza, pero bien que cuando quiere se desmarca de sus servidumbres con viajes fantasma o cartas sobre galgos y podencos. Para estar al servicio de España hay que querer entenderla y respetarla. Si no, lo que se está haciendo es precisamente la política rupturista que ahora se lamenta de otros (...).

El rey Juan Carlos acaba de cumplir 75 años, y aparte del homenaje de Jesús Hermida es de justicia que también reciba el nuestro, pero hoy los tiempos son otros y de nuestro empleado público más destacado necesitamos que haga algo más que un lavado de imagen. Es un tiempo para la acción. Tal vez ha llegado la hora de Felipe o de la República.

Manel Fuentes (*El Periódico*, 8 de enero de 2013)

1. Indique, en una frase de no más de 25 palabras, cuál es el tema principal que se trata en el texto. [2 puntos]
2. Resuma, en una extensión aproximada de 150 palabras, el contenido del texto, reflejando las ideas principales y secundarias de este. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico en el que exprese su opinión sobre el contenido del texto, manifestando, de forma argumentada y razonada, su acuerdo o desacuerdo con las ideas que en él se expresan. [6 puntos]

**COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE**

**Texto**

Todas as crónicas xornalísticas con motivo do seu 75º aniversario falaron dos méritos do rei Juan Carlos no pasado. É como se desde a transición e o 23-F a produtividade e a eficacia que tanto nos reclama Europa non foran co noso empregado público máis notable (...). Imaxino que ser rei non é doado. E que custa atopar lexitimidades cando a un o pon un ditador e ademais non se somete á democracia. Por tanto, atévome a dicir que o mérito de Juan Carlos ata antonte foi inmenso. A súa sinxeleza conectou durante moitos anos cun país que, agachándose de monárquico, se sentiu maioritariamente cómodo sendo *juancarlista*. El Rei foi un bo diplomático para España, pero un ten a impresión de que non traballou abondo para cohesionar España.

Non vale que agora, despois de elefantes e urdangaríns, saia na publipreportaxe da 1 e se permita dicir que falta vertebración do Estado, cando durante anos fixo máis ben pouco para querer entender e facer respectar a realidade do Estado. ¿Por que non se fixeron propias todas as linguas do Estado desde o primeiro momento e non se fomentou que todo o país as vivira como unha riqueza de todos? ¿Por que non se fixo entender a toda a poboación española que dende os gregos o corredor mediterráneo é unha fonte de riqueza e comercio á que non debemos renunciar como país? ¿Por que non se instalaron grandes institucións do Estado como o Senado en Barcelona para vertebrar precisamente máis o país e mesmo pensar en bicapitalidade? ¿Por que se deixou que existisen balanzas fiscais tan desequilibradas para algúns territorios –como Baleares, Madrid ou Catalunya- con respecto ó resto? ¿Por que non se denunciou o discurso inxusto e tramposo con algunhas partes do Estado que desde algúns altofalantes mediáticos instalados en Madrid se fixo sistematicamente?

Alguén dirá que El Rei só entra no discurso político cando o Goberno o autoriza, pero ben que se desmarca cando quere das servidumes con viaxes fantasma ou cartas sobre galgos e podengos. Para estar ó servizo de España hai que querer entendela e respectala. Se non, o que se está facendo é precisamente a política rupturista que agora lamenta doutros (...).

O rei Juan Carlos acaba de facer 75 anos e, á parte da homenaxe de Jesús Hermida, é de xustiza que tamén reciba a nosa, pero hoxe os tempos son outros e do noso empregado público máis destacado precisamos que faga algo máis ca un lavado de imaxe. É un tempo para a acción. Talvez chegou a hora de Felipe ou da República.

Manel Fuentes (*El Periódico*, 8 de xaneiro de 2013)  
(Traducido do orixinal castelán)

1. Indique, nunha frase de non máis de 25 palabras, cal é o tema principal que se trata no texto. [2 puntos]
2. Resuma, nunha extensión aproximada de 150 palabras, o contido do texto, reflectindo as ideas principais e secundarias deste. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico no que exprese a súa opinión sobre o contido do texto, manifestando, de forma argumentada e razoada, o seu acordo ou desacordo coas ideas que nel se expresan. [6 puntos]